b.1) O nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de oficina do Departamento de Intervención-Tesourería, que se pretende, constitúe unha necesidade urxente e inaprazable, xa que no cadro de persoal da Corporación non existe persoal laboral fixo ou funcionario suficiente para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo que se cubrirá e só acudindo ao nomeamento de referencia pode a Administración solucionar a necesidade xurdida.

Baste dicir que o Departamento de Intervención-Tesourería no Concello de Celanova non ten ningún auxiliar administrativo propio, derivándose traballo deste departamento a un dos auxiliares administrativos do Departamento de Secretaría Xeral, producíndose un funcionamento deficiente nos dous departamentos.

Así mesmo, é necesario e urxente a tramitación dos expedientes relativos á aprobación da liquidación do orzamento, formación, rendición, publicidade e aprobación da conta xeral e a subministración de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, para o cal é imprescindible levar a cabo a correcta xestión dos gastos e ter realizado todos os rexistros contables dos gastos e ingresos realizados durante o exercicio económico.

O incumprimento das obrigas legais de referencia traerían unha serie de consecuencias negativas para o Concello de Celanova, entre as que podemos citar a retención da participación nos tributos do Estado ou a imposibilidade de ser beneficiario de determinadas subvencións.

b.2) O nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de biblioteca do Departamento de Educación, Cultura e Deportes, que se pretende, constitúe unha necesidade urxente e inaprazable xa que no cadro de persoal da Corporación non existe persoal laboral fixo ou funcionario para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo que se cubrirá e só acudindo ao nomeamento de referencia pode a Administración solucionar a necesidade xurdida (prestar o servizo público municipal obrigatorio de Biblioteca Pública).

De conformidade co disposto no artigo 18.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os veciños do Concello de Celanova poden esixir a prestación do servizo público de Biblioteca Pública, por constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.

b.3) O nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de cultura do Departamento de Educación, Cultura e Deportes, que se pretende, constitúe unha necesidade urxente e inaprazable xa que no cadro de persoal da Corporación non existe persoal laboral fixo ou funcionario suficiente para levar a cabo as funcións propias dos postos de traballo que se cubrirá e só acudindo ao nomeamento de referencia pode a Administración solucionar a necesidade xurdida.

Baste dicir que o Departamento de Educación, Cultura e Deportes no Concello de Celanova non ten ningún auxiliar administrativo, realizando ata o de agora o traballo unicamente o encargado de Asuntos Culturais, xefe de Prensa e Protocolo (que ademais se encarga da xestión da Oficina de Información Xuvenil, a Aula CeMIT, a Biblioteca, a Oficina de Turismo e o Albergue), e co apoio esporádico do persoal laboral temporal contratado a través dos programas de cooperación da Xunta de Galicia cando se conceden as oportunas subvencións.

b.4) O nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de turismo do Departamento de Educación, Cultura e Deportes, que se pretende, constitúe unha necesidade urxente e inaprazable, xa que no cadro de persoal da Corporación non existe persoal laboral fixo ou funcionario para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo para cubrir e só acudindo ao nomeamento de referencia pode a Administración solucionar a necesidade xurdida (prestar o servizo público municipal obrigatorio en municipios turísticos galegos de Oficina de Turismo).

De conformidade co disposto no artigo 18.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os veciños do Concello de Celanova poden esixir a prestación do servizo público de Biblioteca Pública por constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.

O artigo 30.1 c) da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, establece que: “1. A perda da condición de municipio turístico producirase cando se dera algunha das seguintes circunstancias: c) Se o concello non presta os servizos mínimos inherentes á condición de municipio turístico.”

b.5) O nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de persoal de oficinas de administración especial para o posto de obreiro limpeza viaria do Departamento de Obras e Servizos Públicos, que se pretende, constitúe unha necesidade urxente e inaprazable xa que no cadro de persoal da Corporación non existe persoal laboral fixo ou funcionario suficiente para levar a cabo as funcións propias do posto de traballo que se cubrirá e só acudindo ao nomeamento de referencia pode a Administración solucionar a necesidade xurdida (prestar o servizo público municipal obrigatorio de limpeza viaria) e que se verá agravada coa nova xubilación prevista para abril de 2014.

De conformidade co disposto no artigo 18.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os veciños do Concello de Celanova poden esixir a prestación do servizo público de limpeza viaria por constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.

c) Sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais:

c.1) Dado que, tal e como se desprende do artigo 92bis.1.b) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, son funcións públicas necesarias en todas as corporacións locais, cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, entre outras, o control e a fiscalización interna da xestión económico-financieira e orzamentaria, e a contabilidade, tesourería e recadación, estímase que o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de oficina do Departamento de Intervención-Tesourería se circunscribe a un sector, funcións e categoría profesional que se considera prioritaria no Concello de Celanova e en todas as corporacións locais por ministerio de lei.

c.2) Dado que, tal e como se desprende do artigo 26.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 81.a) e b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes deberán prestar, en todo caso, o servizo de biblioteca pública, estímase que o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de Auxiliar de Biblioteca do Departamento de Educación, Cultura e Deportes se circunscribe a un sector, funcións e categoría profesional que afecta ao funcionamento dun servizo público esencial por ministerio de lei (Biblioteca Pública).

A circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, no seu apartado “Servizos Públicos Esenciais”, estima como tales os que artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera servizos mínimos de obrigatoria prestación en cada concello en atención á poboación daquel.

c.3) Dado que, tal e como se desprende do artigo 25.2.m) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxi-



me local, o municipio exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunicades autónomas, entre outras, en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais, estímase que o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de cultura do Departamento de Educación, Cultura e Deportes se circunscribe a un sector, funcións e categoría profesional que se considera prioritaria no Concello de Celanova, dada a existencia neste dos seguintes recursos culturais:

Mosteiro de San Salvador de Celanova.

Burgo Medieval de Vilanova dos Infantes.

Capela Mozárabe de San Miguel.

Poboado Castrexo en Castromao.

Casa dos Poetas.

Auditorio Municipal "Ilduara".

Así mesmo, a política cultural constitúe no Concello de Celanova un factor de desenvolvemento económico, social e territorial, transcendendo a tradicional asociación coas artes e as humanidades para abarcar todo un sistema de coñecemento, valores e identidade.

c.4) Dado que, tal e como se desprende do artigo 28.1.e) da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, sen prexuízo dos servizos mínimos que, con arranxo á lexislación reguladora do réxime local, teñan que prestar os municipios e das competencias que correspondan a outras administracións públicas, os concellos turísticos han de prestar, entre outros, o servizo de atención e orientación ás usuarias e usuarios turísticos, mediante unha oficina de información que haberá de estar aberta todo o ano e contar con persoal cualificado para desempeñar este cometido, estímase que o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de turismo do Departamento de Educación, Cultura e Deportes se circunscribe a un sector, funcións e categoría profesional que afecta ao funcionamento dun servizo público esencial por ministerio de lei (Oficina de Turismo).

A circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, no seu apartado "Servizos Públicos Esenciais", estima como tales os que o artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera servizos mínimos de obrigatoria prestación en cada concello en atención á poboación daquel. Por analogía, debe estimarse como "Servizos Públicos Esenciais" os que o artigo 28.1.e) da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, considera servizos mínimos de obrigatoria prestación nos concellos turísticos

c.5) Dado que, tal e como se desprende do artigo 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 81.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios deberán prestar, en todo caso, o servizo de limpeza viaria, estímase que o nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a para a praza de persoal de oficios de administración especial para o posto de obreiro limpeza viaria do Departamento de Obras e Servizos Públicos se circunscribe a un sector, funcións e categoría profesional que afecta ao funcionamento dun servizo público esencial por ministerio de lei (limpeza viaria).

A circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en mate-

ria orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, no seu apartado "Servizos Públicos Esenciais", estima como tales os que artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, considera servizos mínimos de obrigatoria prestación en cada concello en atención á poboación de aquel.

Segunda.- Número e características das prazas convocadas

O número de prazas para cubrir, obxecto dos procesos selectivos, así como a súa denominación e características segundo o seu encadramento nas diferentes escalas, subescalas e grupos son as que a continuación se especifican:

Funcionarios interinos:

Unha (1) de auxiliar de oficina, escala de administración xeral, subescala auxiliar, integrada no grupo C, subgrupo C2, nivel de complemento de destino: 14, complemento específico anual: 3.800,00 euros.

Unha (1) de auxiliar de biblioteca, escala de administración xeral, subescala auxiliar, integrada no grupo C, subgrupo C2, nivel de complemento de destino: 14, complemento específico anual: 3.800,00 euros.

Unha (1) de auxiliar de cultura, escala de administración xeral, subescala auxiliar, integrada no grupo C, subgrupo C2, nivel de complemento de destino: 14, complemento específico anual: 3.800,00 euros.

Unha (1) de auxiliar de turismo, escala de administración xeral, subescala auxiliar, integrada no grupo C, subgrupo C2, nivel de complemento de destino: 14, complemento específico anual: 3.800,00 euros.

Unha (1) de persoal de oficios, escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, integrada no grupo de agrupacións profesionais, nivel de complemento de destino: 12, complemento específico anual: 2.100,00 euros.

Os datos relativos ao complemento específico teñen carácter meramente informativo, sen que poidan xerar ningunha clase de dereitos, que soamente poderán ser recoñecidos de acordo coas normas legais que sexan de aplicación e estando suxeito o seu importe á valoración que se faga do posto de traballo en canto ás condicións particulares deste en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade.

Terceira.- Modalidade dos nomeamentos

A modalidade dos nomeamentos é a de funcionarios/as interinos/as, prevista polo artigo 10.1.a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Preténdese a selección e nomeamento dos/das funcionarios/as interinos/as que a continuación se indican:

Un/unha Auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de oficina do Departamento de Intervención-Tesourería.

Un/unha auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de biblioteca do Departamento de Educación, Cultura e Deportes.

Un/unha auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de cultura do Departamento de Educación, Cultura e Deportes.

Un/unha auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de turismo do Departamento de Educación, Cultura e Deportes.

Un/unha persoal de oficios de administración especial para o posto de obreiro limpeza viaria do Departamento de Obras e Servizos Públicos.

O cesamento dos/as funcionarios/as interinos/as producirase, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento.

Cuarta. Requisitos dos aspirantes

1.-Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos que se establezan nas bases específicas para o ingreso na praza convocada:

a) Ter nacionalidade española. Non obstante, teranse en conta os seguintes supostos:

1.A poboación nacional dos demais estados membros da Unión Europea poderá acceder, en idénticas condicións que as persoas de nacionalidade española, á función pública investigadora, docente, de correos, sanitaria de carácter asistencial e aos demais sectores da función pública aos que, segundo o dereito comunitario, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as.

2.A poboación nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as nos termos en que esta estea definida no tratado constitutivo da Unión Europea.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado o inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación esixida. Enténdese que se está en posesión da titulación esixida cando se tiveran aboado os dereitos correspondentes para a súa expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse que se está en posesión da correspondente homologación expedida polas autoridades educativas pertinentes. A posesión da titulación acreditarase coa presentación do título expedido ou do xustificante de ter pagado as taxas correspondentes para a súa expedición para o caso de non se ter esta realizada no momento da presentación da solicitude.

2.-Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das solicitudes e conservarse, cando menos, ata a data do nomeamento.

Quinta.- Forma e prazo de presentación de instancias

1.-As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao alcalde do Concello de Celanova. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, xuntando unha fotocopia autenticada do documento nacional de identidade e, de ser o caso, da documentación acreditativa dos méritos ale-

gados. Non obstante, no Rexistro Xeral do Concello facilitaráselles aos/ás interesados/as un modelo de solicitude.

2.-O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. Se o último día fora sábado ou inhábil, pasará ao primeiro día hábil seguinte.

3.-A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de Celanova ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo funcionario de correos antes de seren certificadas. Cando se envíen as solicitudes por correo ou en rexistro distinto do concello, os aspirantes deberá xustificar a data de imposición da solicitude na oficina de Correos ou no Rexistro Xeral da Comunidade Autónoma ou da Administración Xeral do Estado e anunciarlle ao concello a remisión da solicitude o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o día de presentación e o nome do aspirante.

A acreditación da recepción do dito télex, fax ou telegrama efectuarase mediante unha dilixencia expedida o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non se admitirán as solicitudes se o concello as recibe despois da data en que termina o prazo sinalado no anuncio da convocatoria.

4.-As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán seguidamente ao organismo competente.

5.-Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo nas súas solicitudes e, de ser o caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

6.-Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, se ben os erros de feito que podan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

Sexta.- Admisión de aspirantes

1.-Unha vez finalizado o prazo dos 15 días naturais fixado para a presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución na que declare aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con especificación, de ser o caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios do concello.

2.-Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de tres días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios do concello, para poder corrixir ou emendar, de ser o caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución estimándoa ou desestimándoa coa publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do concello.

3.-O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos nos procedementos selectivos convocados, os cales deberán de ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

Sétima.-Tribunais cualificadores

1.-Os membros dos tribunais cualificadores das probas selectivas convocadas serán designados polo alcalde axustándose ao disposto no artigo 4 parágrafos e) e f) do Real decreto



896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse ao procedemento de selección dos funcionarios de Administración local, e ao disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

2.-Os tribunais cualificadores estarán integrados por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte:

Presidente: un funcionario de carreira con adecuada titulación, experiencia e coñecementos na materia obxecto de exame.

Vogais: tres funcionarios de carreira con adecuada titulación, experiencia e coñecementos na materia obxecto de exame.

Secretario: un funcionario de carreira con adecuada titulación.

3.-Todos os membros dos tribunais deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto. Os funcionarios propostos para formar parte dos tribunais deberán ocupar unha praza integrada no mesmo grupo de titulación do esixido para o acceso ás prazas convocadas ou superior.

4.-As presidencias ou, se é o caso, os tribunais, poderán dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen, limitándose os mencionados asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

5.-A Alcaldía, con anterioridade á celebración das probas e xuntamente coa lista de admitidos, publicará no taboleiro de anuncios do concello a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes dos tribunais cualificadores.

6.-Os membros dos tribunais deberán de absterse de intervir comunicándollo ao alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo os aspirantes poderán recusar os membros dos tribunais cando nestes concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992. Unha vez constituído o tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorresen á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

7.-Os tribunais cualificadores deberán constituírse na data que designe a Alcaldía para os procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituídos cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

8.-A partir da sesión de constitución os tribunais, para actuar validamente, requirirán a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustarán as súas actuacións, en todo momento, ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nas bases xerais e específicas reguladoras destas convocatorias.

9.-Os tribunais cualificadores adoptarán as medidas precisas, naqueles casos nos que resulte necesario, para que os/as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións, para a realización dos exercicios, ás do resto dos demais aspirantes, dispoñendo, chegado o caso, as adaptacións posibles de tempos e medios para a súa realización.

10.-Os membros dos tribunais e os seus asesores, que asistan ás sesións destes, percibirán axudas de custo pola súa asisten-

cia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na contía e forma que resolva o alcalde. Para tales efectos os tribunais cualificadores terán a categoría que corresponda segundo o Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Oitava.-características das probas selectivas

Os procedementos de selección, en fase de oposición, consistirán en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, segundo a natureza e funcións do posto de traballo que se vai desenvolver de acordo coas bases específicas.

A proba de coñecemento do idioma galego unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite o título de Perfeccionamento de galego ou a validación correspondente, ou estar en posesión do Celga 4. O exercicio de galego para os/as aspirantes que deban realizar a proba de coñecemento do idioma galego cualificarase como apto ou non apto.

Novena.- Comezo dos exercicios

1.-O sistema selectivo é a oposición.

2.-A Alcaldía determinará, mediante resolución, a data, hora e lugar no que deberán constituírse os tribunais así como a data, hora e lugar para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición de cada unha das probas selectivas convocadas; a cal se publicará mediante anuncio no taboleiro de anuncios do concello, polo menos con dous (2) días de antelación.

3.-Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os/as opositores/as que non comparezan cando se realice, agás nos casos debidamente xustificadas que serán resoltos de xeito motivado polo tribunal.

4.-Os aspirantes deberán presentarse, para a realización de cada exercicio, provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica destes.

Décima.- Desenvolvemento dos exercicios das probas selectivas.

1.-En calquera momento os tribunais poderán requirir aos/as opositores/as para que acrediten a súa identidade.

2.- A orde de actuación dos/as opositores/as para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea determinarase mediante sorteo efectuado polos tribunais en presenza dos/as aspirantes e inmediatamente antes do inicio da primeira proba que non poida realizarse de forma simultánea.

3.-Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento dos tribunais que algún dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá proporlle ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

4.- Unha vez concluído cada un dos exercicios da fase de oposición correspondente os tribunais farán pública, no taboleiro de anuncios do concello, a relación de aspirantes que o superasen coa indicación da puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.

5.-Unha vez comezados os procesos selectivos os sucesivos anuncios para realizar os restantes exercicios ou probas deberán facerse públicos no taboleiro de anuncios do concello, polo menos con 12 horas de antelación cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.

6.-Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que os membros dos tribunais, os colaboradores designados por estes e os/as opositores/as.

7.-Desde a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 24 horas e un máximo de 30 días naturais, salvo consentimento dos aspirantes.

8.-Contra os acordos dos tribunais poderá interperse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Décimo primeira.- Cualificación final e relación de aprobados

1.-Á cualificación obtida polos aspirantes resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a que corresponda aos exercicios obrigatorios non eliminatorios, obténdose así a puntuación final.

2.-Unha vez determinada a cualificación final dos/as aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do concello.

3.-Os tribunais, en ningún caso, poderán aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas nos procesos selectivos. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4.-Non obstante, os tribunais, ao cualificar cada un dos exercicios, non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formularlle á Alcaldía a proposta coa relación de aprobados/as na que só se incluíra aquel/a opositor/a que obtivese maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de prazas convocadas no proceso selectivo.

5.-No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e se isto non fose abondo, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase tendo en conta o establecido nas bases específicas e, no seu defecto, resolverase mediante sorteo.

Décimo segunda.-Achega de documentos polo/a opositor/a aprobado/a

1.-A relación de aprobados, publicada no taboleiro de anuncios do concello, conterá unha advertencia recordándolle ao/á opositor/a aprobado/a que deberá presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpre os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

2.-O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de 10 días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados no taboleiro de anuncios do concello, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada por ambos os dous lados.

Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso.

Certificado médico sen prexuízo de posterior recoñecemento.

Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e de non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo.

3.-Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos o/a aspirante poderá acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4.-Quen non presentara a documentación esixible dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser

nomeado/a funcionario/a interino/a nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos.

5.-O/a aspirante aprobado/a que tivese a condición de funcionario/a público/a estará exento/a de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar soamente unha certificación acreditativa da súa condición de funcionario/a e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Décimo terceira.-Nomeamento de funcionario/a interino/a e toma de posesión

1.-Unha vez concluídos os procesos selectivos, os/as aspirantes aprobados/as, que en ningún caso poderán exceder o número das prazas convocadas, serán nomeados/as funcionarios/as interinos/as polo alcalde unha vez xustificasen documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

2.-As propostas dos tribunais cualificadores terán carácter vinculante para a Alcaldía, quen ordenará a publicación dos nomeamentos no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, sen prexuízo das súas tomas de posesión, logo do xuramento ou promesa, unha vez que se practique a notificación persoal dos nomeamentos.

3.-A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo de 15 días, contados desde o día seguinte á notificación do nomeamento; de non tomar posesión no prazo indicado, sen causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada, o/a nomeado/a quedará na situación de cesante.

4.-Por dilixencia, farase constar na toma de posesión a manifestación do interesado de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e de que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non acharse percibindo pensións por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social que sexan incompatibles co posto ou actividade. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo de toma de posesión.

Décimo cuarta.- Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos/ás aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Décimo quinta.- Incidencias

Os tribunais dos procesos selectivos quedan facultados para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décimo sexta.-Réxime xurídico

Os procesos selectivos regularanse polo disposto nas bases xerais e específicas da convocatoria e no non previsto nelas pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público, polas disposicións vixentes da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, modificada pola Lei 23/1988, do 28 de xullo e pola Lei 42/1994, do 30 de decembro, polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, polo Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos



funcionarios de administración local e polas demais disposicións concordantes.

Décimo sétima.- Disposición final

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, a Administración municipal poderá, de ser o caso, proceder á revisión das resolucións do tribunal de conformidade co previsto na citada Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Bases específicas:

A) Provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de oficina do Departamento de Intervención-Tesourería, polo sistema de oposición.

Primeira.- Obxecto

É obxecto das presentes bases específicas para acceso a unha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de oficina do Departamento de Intervención-Tesourería, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario interino deste concello.

Segunda.- Sistema de selección

O sistema de selección será o de oposición. A puntuación final do proceso será a suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

Terceira.- Características da praza e cometido funcional

1.-Caracterización da praza.

Denominación da praza; Tipo de funcionario; Retribucións anuais; Soldo (incluídas pagas extra.); Complemento de Destino; Complemento específico

Auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de oficina do Departamento de Intervención-Tesourería; funcionario interino;

C2; 14; 3.800,00 €

Os datos relativos ás retribucións económicas en xeral e ao complemento específico en particular teñen carácter simplemente informativo, sen que poidan xerar ningunha clase de dereitos, que soamente poderán ser recoñecidos de acordo coas normas legais que sexan de aplicación e estando suxeito o importe do complemento específico á valoración que se faga do posto de traballo en canto ás condicións particulares deste en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade.

O cesamento do funcionario interino producirase, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, é dicir, a provisión con carácter definitivo da praza ou a súa amortización.

2.-Cometido funcional

O cometido funcional desta praza consistirá na realización das tarefas propias dun/dunha auxiliar administrativo/a no Departamento de Intervención-Tesourería, conforme coa titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que, dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes do concello.

En particular, deberá realizar labores de clasificación, arquivo, cálculo, manexo de máquinas, atención ao público, manexo de ferramentas ofimáticas, tarefas de trámite e colaboración relacionadas coas misións propias do posto de traballo e redacción, transcripción ou copia de actos administrativos de carácter repetitivo nos expedientes cuxo seguimento teña encomendado. Con carácter específico, estará baixo a direc-

ción, coordinación e control dos responsables da Intervención e da Tesourería municipais, vindo obrigado a desempeñar as funcións que por estes lle sexan encomendados.

Cuarta.- Requisitos específicos dos/as aspirantes

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Graduado ESO, FP I, FP medio ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Quinta.- Procedemento de selección

O procedemento de selección constará de dous exercicios, ambos os dous de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O programa da oposición será o definido na base específica sexta.

Primeiro exercicio:

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 60 preguntas con 4 respostas alternativas baseadas no temario contido na base específica sexta desta convocatoria, elaboradas polo tribunal inmediatamente antes do inicio da proba, das que só unha será correcta. O tribunal poderá establecer preguntas suplentes para o caso de que sexa anulada polo propio tribunal algunha das sesenta preguntas.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de oitenta (80) minutos.

Segundo exercicio:

Consistirá en realizar, no tempo que indique o tribunal cualificador, un ou varios exercicios prácticos propostos por este, relacionados coas funcións da praza que se convoca de acordo co temario que figura na base específica sexta e que poña de manifesto as aptitudes e capacidade profesional dos/as aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio, se é o caso, sobre coñecemento do idioma galego: na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ao disposto na base xeral oitava.

Consistirá na tradución directa ao idioma galego dun texto en castelán elixido polo tribunal, sen axuda de dicionario, durante un período de 30 minutos.

Neste exercicio valorarase a corrección gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Sexta.-Programa

Materias comúns:

Tema 1.-A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Reforma. Os dereitos e deberes fundamentais. O Defensor do Pobo. O modelo económico da Constitución. O Tribunal de Contas. O Tribunal Constitucional.

Tema 2.-A Coroa. As Cortes Xerais. O Poder Xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. Organización xudicial española.

Tema 3.-O goberno e a administración. Principios de actuación da administración pública. A Administración Xeral do Estado. As comunidades autónomas: especial referencia a estatutos de autonomía. Administración local. Administración institucional.

Tema 4.-O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido.

Tema 5.- Sometemento da administración á lei e ao dereito. Fontes do Dereito Administrativo. A Constitución. A lei. As disposicións normativas con forza de lei. O regulamento. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia do Tribunal Supremo. Os tratados internacionais.

Tema 6. A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos: a administración e o administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado. Os actos xurídicos do administrado.

Tema 7. O acto administrativo: concepto e clases, elementos, eficacia e validez, notificación e publicación. O procedemento administrativo: concepto, principios, termos e prazos. Fases do procedemento. Especial referencia aos procedementos especiais.

Tema 8. A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.

Tema 9. Procedemento administrativo local. Rexistro de entrada e saída de documentos. Comunicacions e notificacións.

Tema 10. Réxime local español: evolución histórica. Principios constitucionais e regulación xurídica. Relacións entre entes territoriais. A autonomía local.

Tema 11. A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.

Tema 12. O municipio. O termo municipal. A poboación e o empadramento. Competencias. Organización municipal. Especial referencia aos municipios de gran poboación. Especial referencia ao municipio galego.

Tema 13. A illa. Outras entidades locais: entidades de ámbito territorial inferior ao municipal. Bisbarras ou outras entidades que agrupen varios municipios. Áreas metropolitanas. Mancomunidades. Especial regulación na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.

Tema 14. Funcionamento dos órganos colexiados locais, réxime de sesións e acordos. Actas e certificacións de acordos. As resolucións do presidente da corporación. Especial referencia á Lei reguladora da Administración local de Galicia.

Tema 15. Os bens das entidades locais. Bens de dominio público: concepto, clasificación, adquisición, utilización e aproveitamento e goce. Bens patrimoniais: concepto, clasificación, utilización e alienación. Especial referencia á Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

Tema 16. Os contratos administrativos na esfera local. Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. A adxudicación dos contratos. A formalización dos contratos. Especial referencia á contratación na Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

Tema 17. Formas da acción administrativa. A actividade de fomento. A actividade de policía: as licenzas. O servizo público. A acción administrativa dos entes locais galegos.

Tema 18. O persoal ao servizo dos entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Organización da función pública local.

Tema 19. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas. Incompatibilidades. Dereitos e deberes

Materias específicas

Tema 20. As facendas locais. Clasificación dos ingresos. Ordenanzas fiscais.

Tema 21. Estudo especial dos ingresos tributarios: impostos, taxas e contribucións especiais. Os prezos públicos.

Tema 22. Os orzamentos das entidades locais. Principios, integración e documentos de que constan. Proceso de aprobación do orzamento local. Principios xerais de execución do orzamento. Modificacións orzamentarias: os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, as transferencias de créditos e

outras figuras. Liquidación do orzamento. Especialidades dos municipios de gran poboación.

Tema 23. A contabilidade das entidades locais: documentos e libros contables.

Tema 24. A atención ao público: acollida e información. A comunicación na administración: concepto, importancia, elementos e tipos de comunicación.

Tema 25. Concepto de documento, rexistro e arquivo. Funcións do rexistro e do arquivo. Clases de arquivo. Especial referencia ao arquivo de xestión.

Tema 26. Análise documental: documentos oficiais. Formación do expediente. Documentos de apoio informativo. Criterios de ordenación de arquivo. O arquivo como fonte de información: servizos de arquivo.

B) Provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de biblioteca do Departamento de Educación, Cultura e Deportes, polo sistema de oposición.

Primeira.- Obxecto

É obxecto das presentes bases específicas para acceso a unha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de biblioteca do Departamento de Educación, Cultura e Deportes, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario interino deste concello.

Segunda.- Sistema de selección

O sistema de selección será o de oposición. A puntuación final do proceso será a suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

Terceira.- Características da praza e cometido funcional

1.- Caracterización da praza.

Denominación da praza; Tipo de funcionario; Retribucións anuais; soldo (incluídas pagas extra); complemento de destino; complemento específico

Auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de biblioteca do Departamento de Educación, Cultura e Deportes; funcionario interino;

C2; 14; 3.800,00 €

Os datos relativos ás retribucións económicas en xeral e ao complemento específico en particular teñen carácter simplemente informativo, sen que poidan xerar ningunha clase de dereitos, que soamente poderán ser recoñecidos de acordo coas normas legais que sexan de aplicación e estando suxeito o importe do complemento específico á valoración que se faga do posto de traballo en canto ás condicións particulares deste en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade.

O cesamento do funcionario interino producirase, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, é dicir, a provisión con carácter definitivo da praza ou a súa amortización.

2.-Cometido funcional

O cometido funcional desta praza consistirá na realización das tarefas propias dun/dunha auxiliar administrativo/a na Biblioteca Municipal no Departamento de Educación, Cultura e Deportes, conforme coa titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que, dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes do concello.

En particular, deberá realizar labores de colocación e ordenación de fondos; control de publicacións periódicas; realización de recontos; rexistro de fondos bibliográficos e preparación destes para a súa posta a disposición do público; introdución de



datos correspondentes ao rexistro do exemplar en bases de datos bibliográficos; atención ao usuario; burocracia administrativa; servizo de préstamo de documentos; expedición de carnés de usuarios; colaboración no desenvolvemento de actividades culturais e de promoción da lectura; confección de estatísticas para a Rede de Bibliotecas de Galicia; tarefas de ofimática a nivel usuario e manexo do sistema de xestión bibliotecaria; e coñecemento en materia histórico-artística do fondo bibliográfico e documentos do Concello de Celanova.

Cuarta.-requisitos específicos dos/as aspirantes

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Graduado ESO, FP I, FP medio ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Quinta.- Procedemento de selección

O procedemento de selección constará de dous exercicios, ambos os dous de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O programa da oposición será o definido na base específica sexta

Primeiro exercicio:

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 60 preguntas con 4 respostas alternativas baseadas no temario contido na base específica sexta desta convocatoria, elaboradas polo tribunal inmediatamente antes do inicio da proba, das que só unha será correcta. O tribunal poderá establecer preguntas suplentes para o caso de que sexa anulada polo propio tribunal algunha das sesenta preguntas.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de oitenta (80) minutos.

Segundo exercicio:

Consistirá en realizar, no tempo que indique o tribunal cualificador, un ou varios exercicios prácticos propostos por este, relacionados coas funcións da praza que se convoca de acordo co temario que figura na base específica sexta e que poña de manifesto as aptitudes e capacidade profesional dos/as aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio, se é o caso, sobre coñecemento do idioma galego: na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que a terse ao disposto na base xeral oitava.

Consistirá na tradución directa ao idioma galego dun texto en castelán elixido polo tribunal, sen axuda de dicionario, durante un período de 30 minutos.

Neste exercicio valorarase a corrección gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Sexta.-Programa

Materias comúns:

Tema 1.-A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Reforma. Os dereitos e deberes fundamentais. O Defensor do Pobo. O modelo económico da Constitución. O Tribunal de Contas. O Tribunal Constitucional.

Tema 2.-A Coroa. As Cortes Xerais. O Poder Xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. Organización xudicial española.

Tema 3.- O goberno e a administración. Principios de actuación da administración pública. A Administración Xeral do Estado. As comunidades autónomas: especial referencia a estatutos de autonomía. Administración local. Administración institucional.

Tema 4.-O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido.

Tema 5.-Someteamento da administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito administrativo. A Constitución. A lei. As disposicións normativas con forza de lei. O regulamento. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia do Tribunal Supremo. Os tratados internacionais.

Tema 6.-A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos: a administración e o administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado. Os actos xurídicos do administrado.

Tema 7. O acto administrativo: concepto e clases, elementos, eficacia e validez, notificación e publicación. O procedemento administrativo: concepto, principios, termos e prazos. Fases do procedemento. Especial referencia aos procedementos especiais.

Tema 8. A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.

Tema 9. Procedemento administrativo local. Rexistro de entrada e saída de documentos. Comunicacions e notificacións.

Tema 10. Réxime local español: evolución histórica. Principios constitucionais e regulación xurídica. Relacións entre entes territoriais. A autonomía local.

Tema 11. A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.

Tema 12. O municipio. O termo municipal. A poboación e o empadramento. Competencias. Organización municipal. Especial referencia aos municipios de gran poboación. Especial referencia ao municipio galego.

Tema 13. Formas da acción administrativa. A actividade de fomento. A actividade de policía: as licenzas. O servizo público. A acción administrativa dos entes locais galegos.

Tema 14.- Potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos. Procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 15.-O persoal ao servizo dos entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Organización da función pública local. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas. Incompatibilidades. Dereitos e deberes.

Materias específicas

Tema 16.-Concepto e función dos servizos bibliotecarios. Clases de bibliotecas. A organización bibliotecaria española. A Biblioteca Nacional.

Tema 17.-As bibliotecas públicas. As bibliotecas públicas en España. O sistema bibliotecario de Galicia. A rede de bibliotecas de Galicia. A Lei de bibliotecas de Galicia.

Tema 18.-A regulación do dereito da propiedade intelectual.

Tema 19.-Os documentos e as súas clases. A adquisición e rexistro de fondos bibliográficos. Formas de adquisición, rexistro, selado, etiquetas, etiquetas de protección antifurtos. Control de publicacións periódicas.

Tema 20.-A descrición bibliográfica. As ISBD, formato MARC. Metadatos. Identificación bibliográfica. As regras de catalogación españolas. Control de autoridades. Normalización: ISBD, ISSN. Formato MARC.

Tema 21.-Os catálogos. Concepto, clases e fins. Os catálogos automatizados. O catálogo da rede de bibliotecas de Galicia.

Tema 22.-Sistemas integrados de xestión bibliotecaria. Catálogos de acceso público en liña.

Tema 23.-A clasificación. Definición e obxectivos. Sistemas de clasificación. A clasificación decimal universal. Organización e presentación dos fondos na biblioteca pública.

Tema 24.-O servizo de información e referencia na biblioteca pública. Internet na biblioteca pública. Servizos dos lectores: lectura en sala, préstamo domiciliario e préstamo interbibliotecario. O servizo de referencia e información en sala.

Tema 25.- Programas de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas. Ler conta moito. A Rede de Dinamización Lingüística de Galicia.

C) Provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de cultura do Departamento de Educación, Cultura e Deportes, polo sistema de oposición.

Primeira.- Obxecto

É obxecto das presentes bases específicas para acceso a unha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de cultura do Departamento de Educación, Cultura e Deportes, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario interino deste concello.

Segunda.- Sistema de selección

O sistema de selección será o de oposición. A puntuación final do proceso será a suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

Terceira.-Características da praza e cometido funcional

1. Caracterización da praza.

Denominación da praza; Tipo de funcionario; Retribucións anuais; soldo (incluídas pagas extra); complemento de destino; complemento específico

Auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de cultura do Departamento de Educación, Cultura e Deportes; funcionario interino;

C2; 14; 3.800,00 €

Os datos relativos ás retribucións económicas en xeral e ao complemento específico en particular teñen carácter simplemente informativo, sen que poidan xerar ningunha clase de dereitos, que soamente poderán ser recoñecidos de acordo coas normas legais que sexan de aplicación e estando suxeito o importe do complemento específico á valoración que se faga do posto de traballo en canto ás condicións particulares deste en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade.

O cesamento do funcionario interino producirase, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, é dicir, a provisión con carácter definitivo da praza ou a súa amortización.

2.-Cometido funcional

O cometido funcional desta praza consistirá na realización das tarefas propias dun/dunha auxiliar administrativo/a no Departamento de Educación, Cultura e Deportes, conforme coa titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que, dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes do concello.

En particular, deberá realizar labores de colaboración na acción administrativa (tarefas propias de burocracia e oficina) onde desempeñe o seu labor profesional; xestión do rexistro e arquivo de documentación do espazo onde teña asignada a súa función laboral; mantemento de ficheiros e emisión de listados, estatísticas de actividades, realización de tarefas contables, de cálculo simples e aritméticas, comprobación de albarás, facturas e xustificantes, preparación e emisión de cheques a instancias do inmediato xerárquico superior; elaboración de liquida-

cións, recibos de cobro ou de pago, emitíndoos e recibíndoos, notificacións, documentación xeral e seguros; habilitación horaria e reserva de espazos, convida en tempo e forma ante a autoridade competente para tales efectos, para o desenvolvemento das actividades culturais en vías públicas, aparcamentos para o transporte dos equipos técnicos de produción, vestuario e utensilios; axuda e colaboración na montaxe e preparación efectiva de actividades culturais, asistindo aos seus superiores inmediatos (exposicións, artes escénicas, musicais, etcétera); recompilación, control e distribución da publicidade cultural nos lugares e espazos aptos para elo, co fin de divulgar as actividades organizadas polo Concello; colaboración na actualización e o mantemento regular da información contida na base de datos cultural ou doutras aplicacións do Concello de Celanova, así como notificar a través dos medios habituais de comunicación (web, correo electrónico, teléfono, fax, mensaxería, etcétera.) de toda a información que de modo regular se estableza co fin de difundir e propagar a programación de actividades; elaboración de partes o estados informativos da actividade cultural xerada polo Concello de Celanova, por indicación expresa dos seus superiores; control do material e instrumental que teña directamente asignado, así como do seu control e racional gasto; e detección das deficiencias observadas nas infraestruturas e espazos culturais asignados.

Cuarta.- Requisitos específicos dos/as aspirantes

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Graduado ESO, FP I, FP medio ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Quinta.-Procedemento de selección

O procedemento de selección constará de dous exercicios, ambos os dous de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O programa da oposición será o definido na base específica sexta

Primeiro exercicio:

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 60 preguntas con 4 respostas alternativas baseadas no temario contido na base específica sexta desta convocatoria, elaboradas polo tribunal inmediatamente antes do inicio da proba, das que só unha será correcta. O tribunal poderá establecer preguntas suplentes para o caso de que sexa anulada polo propio tribunal algunha das sesenta preguntas.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de oitenta (80) minutos.

Segundo exercicio:

Consistirá en realizar, no tempo que indique o tribunal cualificador, un ou varios exercicios prácticos propostos por este, relacionados coas funcións da praza que se convoca de acordo co temario que figura na base específica sexta e que poña de manifesto as aptitudes e capacidade profesional dos/as aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio, se é o caso, sobre coñecemento do idioma galego: na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ao disposto na base xeral oitava.



Consistirá na tradución directa ao idioma galego dun texto en castelán elixido polo tribunal, sen axuda de dicionario, durante un período de 30 minutos.

Neste exercicio valorarase a corrección gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto. Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Sexta.- Programa.

Materias comúns:

Tema 1.- A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Reforma. Os dereitos e deberes fundamentais. O Defensor do Pobo. O modelo económico da Constitución. O Tribunal de Contas. O Tribunal Constitucional.

Tema 2.-A Coroa. As Cortes Xerais. O Poder Xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. Organización xudicial española.

Tema 3.-O goberno e a administración. Principios de actuación da administración pública. A Administración Xeral do Estado. As comunidades autónomas: especial referencia a estatutos de autonomía. Administración local. Administración institucional.

Tema 4.-O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido.

Tema 5.-Sometemento da administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito administrativo. A Constitución. A lei. As disposicións normativas con forza de lei. O regulamento. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia do Tribunal Supremo. Os tratados internacionais.

Tema 6. A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos: a administración e o administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado. Os actos xurídicos do administrado.

Tema 7. O acto administrativo: concepto e clases, elementos, eficacia e validez, notificación e publicación. O procedemento administrativo: concepto, principios, termos e prazos. Fases do procedemento. Especial referencia aos procedementos especiais.

Tema 8. A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.

Tema 9.-Procedemento administrativo local. Rexistro de entrada e saída de documentos. Comunicacions e notificacións.

Tema 10. Réxime local español: evolución histórica. Principios constitucionais e regulación xurídica. Relacións entre entes territoriais. A autonomía local.

Tema 11.- A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.

Tema 12.- O municipio. O termo municipal. A poboación e o empadramento. Competencias. Organización municipal. Especial referencia aos municipios de gran poboación. Especial referencia ao municipio galego.

Tema 13. Formas da acción administrativa. A actividade de fomento. A actividade de policía: as licenzas. O servizo público. A acción administrativa dos entes locais galegos.

Tema 14.- Potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos. Procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 15.- O persoal ao servizo dos entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Organización da función pública local. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas. Incompatibilidades. Dereitos e deberes.

Materias específicas

Tema 16.- O código deontolóxico na xestión cultural. Definición de xestión cultural. Definición do xestor cultural. O código deontolóxico de cara á sociedade, de cara á profesión, de cara á cultura e de cara aos propios profesionais da xestión cultural.

Tema 17.- O posto de traballo da xestión cultural en España. Perfís profesionais na xestión cultural, competencias e función para desenvolver en cada categoría.

Tema 18.- Estrutura actual da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A Secretaría Xeral de Cultura. A Axencia Galega de Industrias Culturais. A Cidade da Cultura. O Centro Galego de Arte Contemporánea.

Tema 19.- Outras institucións culturais de Galicia. O Consello da Cultura. Liñas de axudas e subvencións no ámbito da cultura. A nivel provincial, a nivel autonómico, a nivel estatal, a nivel europeo.

Tema 20.- Coñecementos básicos sobre o patrimonio histórico-cultural de Celanova. Castromao, Vilanova dos Infantes, a Capela de San Miguel e o Mosteiro de San Rosendo. Coñecementos básicos sobre o patrimonio literario de Celanova

Tema 21.- Programación cultural: política e xestión cultural. Programación e avaliación aplicadas á xestión cultural. Desenvolvemento de proxectos de animación cultural. Redes asociativas culturais.

Tema 22.- Márketing cultural: análise de mercado de produtos culturais. Planificación de accións de comunicación e márketing cultural. Desenvolvemento de accións de comunicación e márketing cultural. Seguimento e avaliación de programas e accións vinculados ao márketing cultural.

Tema 23.- Produción de espectáculos escénicos. A sala de espectáculos. Escenarios, tipos de escenarios e consideracións técnicas básicas dun escenario. Montaxe de exposicións. A figura do comisario. Tipos de exposicións.

Tema 24.- Coñecementos básicos sobre deseño, maquetación, edición e impresión de publicacións. Proxector de imaxes, equipos de son e luz, cámara fotográfica dixital, teléfono móbil, etcétera.

Tema 25.- Manexo das redes sociais para a promoción de eventos culturais. A web. Facebook. Twitter. Youtube. Como crear un canal en Youtube ou Vimeo, etcétera.

D) Provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de turismo do Departamento de Educación, Cultura e Deportes, polo sistema de oposición.

Primeira.- Obxecto

É obxecto das presentes bases específicas para acceso a unha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de turismo do Departamento de Educación, Cultura e Deportes, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario interino deste concello.

segunda.- Sistema de Selección

O sistema de selección será o de oposición. A puntuación final do proceso será a suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

Terceira.- Características da praza e cometido funcional

1.- Caracterización da praza.

Denominación da praza; Tipo de funcionario; Retribucións anuais; soldo (incluídas pagas extra); complemento de destino; complemento específico;

Auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de turismo do Departamento de Educación, Cultura e Deportes; funcionario interino;

C2; 14; 3.800,00 €

Os datos relativos ás retribucións económicas en xeral e ao complemento específico en particular teñen carácter simplemente informativo, sen que poidan xerar ningunha clase de dereitos, que soamente poderán ser recoñecidos de acordo coas normas legais que sexan de aplicación e estando suxeito o

importe do complemento específico á valoración que se faga do posto de traballo en canto ás condicións particulares deste en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade.

O cesamento do funcionario interino producirase, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, é dicir, a provisión con carácter definitivo da praza ou a súa amortización.

2.-Cometido funcional

O cometido funcional desta praza consistirá na realización das tarefas propias dun/dunha auxiliar administrativo/a na Oficina de Turismo no Departamento de Educación, Cultura e Deportes, conforme coa titulación esixida, baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que, dentro da súa competencia, poidan ser encomendadas polos órganos competentes do concello.

En particular, deberá realizar labores de colaboración na acción administrativa (tarefas propias de burocracia e oficina) da oficina de turismo ou en calquera outro lugar onde desempeñe o seu labor profesional; xestión do rexistro e arquivo de documentación do espazo onde teña asignada a súa función laboral; mantemento de ficheiros e emisión de listados, estatísticas de actividades, realización de tarefas contables, de cálculo simples e aritméticas, comprobación de albarás, facturas e xustificantes, preparación e emisión de cheques a instancias do inmediato xerárquico superior; elaboración de liquidacións, recibos de cobro ou de pago, emitíndoos e recibíndoos, notificacións, documentación xeral e seguros; habilitación horaria e reserva de espazos, convida en tempo e forma ante a autoridade competente para tales efectos, para o desenvolvemento das actividades turísticas desenvolvidas polo Concello de Celanova; axuda e colaboración na montaxe e preparación efectiva de actividades de promoción turística, asistindo aos seus superiores inmediatos (exposicións, asistencia a feiras, etcétera); recompilación, control e distribución da publicidade turística nos lugares e espazos aptos para iso, co fin de divulgar as actividades organizadas polo Concello neste ámbito; colaboración na actualización e mantemento regular da información e na divulgación exterior, participación en campañas informativas, etcétera, a través dos medios habituais de comunicación (web, correo electrónico, teléfono, fax, mensaxería, etcétera) de toda a información turística do Concello de Celanova, que de modo regular se estableza a fin de difundir e propagar os atractivos turísticos culturais, etnográficos, festivos, gastronómicos, etcétera, cos que conta o Concello de Celanova; elaboración de partes o estados informativos, estatística diaria, mensual e anual da actividade turística xerada polo Concello de Celanova, por indicación expresa dos seus superiores; control do material e instrumental que teña directamente asignado na oficina de turismo ou naqueles outros centros de promoción turística do concello, así como do seu control e racional gasto; detección das deficiencias observadas nas infraestruturas e espazos turísticos asignados.

Cuarta.- Requisitos específicos dos/as aspirantes

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Graduado ESO, FP I, FP medio ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro,

deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Quinta.- Procedemento de selección

O procedemento de selección constará de dous exercicios, ambos os dous de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O programa da oposición será o definido na base específica sexta.

Primeiro exercicio:

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 60 preguntas con 4 respostas alternativas baseadas no temario contido na base específica sexta desta convocatoria, elaboradas polo tribunal inmediatamente antes do inicio da proba, das que só unha será correcta. O tribunal poderá establecer preguntas suplentes para o caso de que sexa anulada polo propio tribunal algunha das sesenta preguntas.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de oitenta (80) minutos.

Segundo exercicio:

Consistirá en realizar, no tempo que indique o tribunal cualificador, un ou varios exercicios prácticos propostos por este, relacionados coas funcións da praza que se convoca de acordo co temario que figura na base específica sexta e que poña de manifesto as aptitudes e capacidade profesional dos/as aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio, se é o caso, sobre coñecemento do idioma galego: na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ao disposto na base xeral oitava.

Consistirá na tradución directa ao idioma galego dun texto en castelán elixido polo tribunal, sen axuda de dicionario, durante un período de 30 minutos.

Neste exercicio valorarase a corrección gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Sexta.- Programa

Materias comúns:

Tema 1.- A Constitución española de 1978: estrutura e contido. Principios xerais. Reforma. Os dereitos e deberes fundamentais. O Defensor do Pobo. O modelo económico da Constitución. O Tribunal de Contas. O Tribunal Constitucional.

Tema 2.- A Coroa. As Cortes Xerais. O Poder Xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial. Organización xudicial española.

Tema 3.- O goberno e a administración. Principios de actuación da administración pública. A Administración Xeral do Estado. As comunidades autónomas: especial referencia a estatutos de autonomía. Administración local. Administración institucional.

Tema 4.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido.

Tema 5.- Sometemento da administración á lei e ao dereito. Fontes do dereito administrativo. A Constitución. A lei. As disposicións normativas con forza de lei. O regulamento. O costume. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia do Tribunal Supremo. Os tratados internacionais.

Tema 6.- A relación xurídico-administrativa. Concepto. Suxeitos: a administración e o administrado. Capacidade e representación. Dereitos do administrado. Os actos xurídicos do administrado.

Tema 7.- O acto administrativo: concepto e clases, elementos, eficacia e validez, notificación e publicación. O procedemento



mento administrativo: concepto, principios, termos e prazos. Fases do procedemento. Especial referencia aos procedementos especiais.

Tema 8. A revisión dos actos administrativos. Os recursos administrativos.

Tema 9. Procedemento administrativo local. Rexistro de entrada e saída de documentos. Comunicacions e notificacións.

Tema 10. Réxime local español: evolución histórica. Principios constitucionais e regulación xurídica. Relacións entre entes territoriais. A autonomía local.

Tema 11. A provincia no réxime local. Organización provincial. Competencias.

Tema 12. O municipio. O termo municipal. A poboación e o empadramento. Competencias. Organización municipal. Especial referencia aos municipios de gran poboación. Especial referencia ao municipio galego.

Tema 13. Formas da acción administrativa. A actividade de fomento. A actividade de policía: as licenzas. O servizo público. A acción administrativa dos entes locais galegos.

Tema 14. Potestade regulamentaria na esfera local: ordenanzas, regulamentos e bandos. Procedemento de elaboración e aprobación.

Tema 15.-O persoal ao servizo dos entes locais da Comunidade Autónoma de Galicia. Organización da función pública local. Adquisición e perda da condición de funcionario. Situacións administrativas. Incompatibilidades. Dereitos e deberes.

Materias específicas

Tema 16.- Lei de turismo de Galicia. Competencias e organización administrativa en materia de turismo. Dereitos e deberes das usuarias e usuarios turísticos. Definición e promoción dos recursos turísticos. Ordenación xeral da actividade turística.

Tema 17.- A Axencia Galega para o Turismo. Organigrama e funcións. O Plan integral de Turismo de Galicia 2014 - 2016

Tema 18.- O turismo en Ourense. Principais recursos turísticos cos que conta a provincia. Apuntamentos sobre o Plan Termal de Ourense.

Tema 19.- Municipios turísticos e festas de interese turístico. Regulamentos que rexen a súa declaración e funcionamento.

Tema 20.- O patrimonio histórico-cultural de Celanova. Castromao, Vilanova dos Infantes, a Capela de San Miguel e o Mosteiro de San Rosendo. O patrimonio literario de Celanova. A Casa dos Poetas.

Tema 21.- A Oficina de Turismo. Organización do servizo de información turística local. Xestión da información e documentación turística local. Información e atención ao visitante.

Tema 22.- Deseño de produtos e servizos turísticos locais. Promoción e comercialización de produtos e servizos turísticos locais.

Tema 23.- Procesos de xestión de unidades de información e distribución turísticas. Procesos de xestión de calidade en hostalería e turismo.

Tema 24.- Coñecementos básicos sobre deseño, maquetación, edición e impresión de publicacións. procesador de textos, power point, web, correo electrónico, etcétera.

Tema 25.- Manexo das redes sociais para a promoción de eventos culturais. A web. Facebook. Twitter. Youtube. Como crear un canal en Youtube ou Vimeo, etcétera.

E) Provisión interina dunha praza de persoal de oficios de administración especial para o posto de obreiro limpeza viaria do Departamento de Obras e Servizos Públicos, polo sistema de oposición.

Primeira.- Obxecto

É obxecto das presentes bases específicas para acceso a unha praza de persoal de oficios de administración especial para o

posto de obreiro limpeza viaria do Departamento de Obras e Servizos Públicos, complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais para acceso a prazas de persoal funcionario interino deste concello.

Segunda.- Sistema de selección

O sistema de selección será o de oposición. A puntuación final do proceso será a suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

Terceira.- Características da praza e cometido funcional

1.- Caracterización da praza

Denominación da praza; Tipo de funcionario; Retribucións anuais; soldo (incluídas pagas extra); complemento de destino; complemento específico;

Persoal de oficios de administración especial para o posto de obreiro limpeza viaria do Departamento de Obras e Servizos Públicos; funcionario interino;

AP; 12; 2.100,00 €

Os datos relativos ás retribucións económicas en xeral e ao complemento específico en particular teñen carácter simplemente informativo, sen que poidan xerar ningunha clase de dereitos, que soamente poderán ser recoñecidos de acordo coas normas legais que sexan de aplicación e estando suxeito o importe do complemento específico á valoración que se faga do posto de traballo en canto ás condicións particulares deste en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, incompatibilidade, responsabilidade, perigosidade ou penosidade.

O cesamento do funcionario interino producirase, ademais de polas causas previstas no artigo 63 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, é dicir, a provisión con carácter definitivo da praza ou a súa amortización.

2.- Comedido funcional

O cometido funcional desta praza consistirá no exercicio das funcións necesarias para o bo funcionamento do servizo, como a execución de cantos traballos sexan precisos para a conservación de vías, rúas, prazas, parques e xardíns e demais bens de titularidade municipal, nas axeitadas condicións de limpeza e hixiene. Ademais será responsable da custodia dos bens municipais adscritos ao servizo.

Cuarta.- Requisitos específicos dos/as aspirantes

Ademais das condicións xerais sinaladas na base cuarta das bases xerais os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

Estar en posesión do título de certificado de estudos primarios ou equivalente. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Quinta.- Procedemento de selección

O procedemento de selección constará de dous exercicios, ambos os dous de carácter obrigatorio e eliminatorio.

O programa da oposición será o definido na base específica sexta.

Primeiro exercicio:

Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 40 preguntas con 4 respostas alternativas baseadas no temario contido na base específica sexta desta convocatoria, elaboradas polo tribunal inmediatamente antes do inicio da proba, das que só unha será correcta. O tribunal poderá establecer preguntas suplentes para o caso de que sexa anulada polo propio tribunal algunha das corenta preguntas.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de sesenta (60) minutos.

Segundo exercicio:

Consistirá en realizar, no tempo que indique o tribunal cualificador, un ou varios exercicios prácticos propostos por este, relacionados coas funcións da praza que se convoca de acordo co temario que figura na base específica sexta e que poña de manifesto as aptitudes e capacidade profesional dos/as aspirantes.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo.

Terceiro exercicio, se é caso, sobre coñecemento do idioma galego: na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que aterse ao disposto na base xeral oitava.

Consistirá na tradución directa ao idioma galego dun texto en castelán elixido polo tribunal, sen axuda de dicionario, durante un período de 30 minutos.

Neste exercicio valorarase a corrección gramatical e estilística, así como o emprego dun léxico adecuado ao tema exposto.

Este exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Sexta.- Programa

Materias comúns:

Tema 1.- Estrutura e principios fundamentais da Constitución española de 1978.

Tema 2.- O municipio, concepto e elementos: o territorio e a poboación.

Tema 3.- A provincia. Organización provincial, competencias.

Tema 4.- Organización territorial do Estado na Constitución.

Tema 5.- Comunidades autónomas: principios xerais.

Materias específicas:

Tema 6.- Materiais para utilizar na conservación e mantemento de parques públicos.

Tema 7.- Nocións básicas sobre traballos de xardinaría e servizos múltiples.

Tema 8.- Técnicas de limpeza manual e mecánica de instalacións ao aire libre.

Tema 9.- Nocións xerais sobre utilización de ferramentas e aparellos empregados nos distintos oficios de mantemento público.

Tema 10.- Nocións xerais sobre utilización de materiais e maquinaria

empregados nos distintos oficios de mantemento público.

Celanova, 14 de xuño de 2014. O alcalde.

Asdo.: José Luis Ferro Iglesias.



ANEXO I

Solicitud de admisión a oposición**Provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de oficina do Departamento de Intervención-Tesourería.**

Oposición para a provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de oficina do Departamento de Intervención-Tesourería.

Datos persoais:

Apelidos e nome: _____

DNI: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Código postal: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

Solicita ser admitido á oposición para a provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de oficina do Departamento de Intervención-Tesourería

Declara (marcar as casiñas correspondentes):

 Ser español. Ser nacional de (país membro da Unión Europea): _____ Ter cumprida a idade de 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa. Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas, nin da Administración local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas).

Comprométese a probar documentalmente todos os extremos da declaración anterior, achegando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

Acompaña:

- Copia autenticada do DNI.- CELGA 4 ou superior.

_____, ____ de _____ de 2014.

Sr. alcalde do Concello de Celanova

**ANEXO II****Solicitud de admisión a oposición.****Provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de biblioteca do Departamento de Educación, Cultura e Deportes.**

Oposición para a provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de biblioteca do Departamento de Educación, Cultura e Deportes.

Datos persoais:

Apelidos e nome: _____

DNI: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Código postal: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

Solicita ser admitido á oposición para a provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de biblioteca do Departamento de Educación, Cultura e Deportes.

Declara (marcar as casillas correspondentes):

- Ser español.
- Ser nacional de (país membro da Unión Europea): _____
- Ter cumprida a idade de 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das comunidades autónomas, nin da administración local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas).

Comprométese a probar documentalmente todos os extremos da declaración anterior, achegando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

Acompaña:

- Copia autenticada do DNI.
- CELGA 4 ou superior.

_____, ____ de _____ de 2014.

Sr. alcalde do Concello de Celanova



ANEXO III

Solicitud de admisión a oposición.**Provisión interina dunha praza de auxiliar administrativo/a de administración xeral para o posto de auxiliar de cultura do Departamento de Educación, Cultura e Deportes.**

